**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as dezaoito horas do día nove de setembro de dous mil dezasete, xúntanse en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Municipal.

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar o asunto incluído na orde do día:

**ÚNICO: EXPEDIENTE DE OUTORGAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓSN A FAVOR DE D. RAMIRO FONTE CRESPO.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

*Tendo en conta que por medio de acordo do Pleno celebrado en sesión extraordinaria celebrada o día 07/09/2012 adoptouse o acordo, entre outros, de incoar expediente en aras da concesión do nome de Ramiro Fonte á Biblioteca Pública Municipal de Pontedeume.*

*Instruído o expediente, no que se aportaron laudatios que xustifican a concesión da honra proposta que pretende conceder o nome do Poeta Ramiro Fonte á Biblioteca Pública Municipal de Pontedeume, dos seguintes persoeiros ilustres que tiveron a ben participar na homenaxa póstuma do pobo de Pontedeume ao seu veciño Ramiro Fonte Crespo, en merecemento pola súa traxectoria como poeta, narrador, ensaista e membro da Real Academia da Lingua Galega.*

*Constando as aportacións de Don Cesar Antonio Molina, de Dona María Fidalgo Casares, Don Luis Alberto de Cuenca y Prado, Dona José María Paz Gago, e Don Ignacio Chao.*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (NIF: 34897339Z) (FECHA: 22/09/2017), Bernardo Fernández Piñeiro (NIF: 32705210S) (FECHA: 22/09/2017)
Versión imprimible
CVD: /psP6UBE2OBi6MQQUvw+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Constando o consentimento dos seus familiares en primeiro grao.*

*Esta Alcaldía en virtude das facultades legalmente previstas,* ***PROPOÑO****:*

***ÚNICO****: Conceder, atendendo á importancia dos méritos plénamente xustificados, a honra a título póstumo de denominar a Biblioteca pública municipal de Pontedeume, "Biblioteca pública municipal poeta Ramiro Fonte".*

*Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.*

*Asinado dixitalmente polo Alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro"*

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, cuxa intervención se transcribe:

*"Cuando iniciamos el expediente, que hoy venimos a oficializar, lo hicimos con varias premisas en mente:*

*La primera que la Biblioteca Municipal de Pontedeume es y ha sido desde su creación uno de los focos de la vida cultural eumesa más importante.*

*Desde este centro se ha dado difusión a las más variadas formas de expresión artística y cultural: cine, pintura, escultura, etnografía, investigación, fotografía y, por supuesto, literatura.*

*Se ha atendido desde los más pequeños a los más mayores de nosotros, ofreciendo un amplio abanico que cubriese el mayor campo posible en materia cultural, artística y literaria.*

*Es por todo esto, que nos parecía que la Biblioteca debería llevar un nombre que aglutinase y representase la rica vida cultural de Pontedeume. Y decidimos que Ramiro Fonte representaba la idea de lo que queríamos expresar.*

*La segunda premisa fué que Ramiro Fonte, en este homenaje debía estar acompañado, adornado y ensalzado por grandes personajes del mundo la cultura. Por eso, buscamos hombres y mujeres que rerpresentasen esta idea y que, al mismo tiempo, tuviesen una relación directa con Ramiro, lo hubieran conocido y hubieran mantenido con el una relación cercana, haciendo así que su implicación con este proyecto fuese todavía mayor. No sin mucho esfuerzo e innegablemente con mucha ayuda conseguimos que Cesar Antonio Molina, poeta, escritor y en ese momento Ministro de Cultura, aceptase ser el instructor del expediente.*

*Y con el grandes poetas como José Mª Paz Gago, Luis Alberto de Cuenca y Miguel Anxo Fernán-Vello del que echamos en falta su escrito de apoyo en este expediente. La doctora en historia, crítica de arte María Fidalgo Casares y el secretario del expediente: Alexandre Caínzos, alma-mater de la Biblioteca Municipal y gran defensor y difusor de la obra de Ramiro Fonte desde hace muchos años.*

*La tercera premisa era transmitir la idea de que con cada eumés ilustre, con cada homenaje a uno de los nuestros rendíamos homenaje a todos los eumeses. Tenemos la gran suerte de vivir en un pueblo donde cada dos por tres un atleta, un músico, un escritor o un artista pone el nombre de Pontedeume mucho más allá nuestras fronteras. Coloca a nuestro pueblo en el podium de los mejores, nos sitúa a todos muy por encima de la media transmitiendo uno de los mejores lemas que puede significar a un pueblo lo de ser una sociedad curiosa, en continuo avance, abierta al mundo y a llas distintas corrientes y en continuo progreso.*

*Y la última premisa era tener muy claro que nuestra tarea es y debe ser proteger, cuidar y transmitir el legado de Ramiro Fonte. Que su obra fuese conocida por todos y se mantuviese a lo largo del tiempo para que las nuevas generaciones e eumeses lo conociesen, estudiasen y disfrutasen. No había mejor lugar que la Biblioteca Municipal para lograrlo. Con todos estos mimbres llevamos a cabo este expediente que, como no podía ser de otra forma, continuó el nuevo equipo de gobierno hasta culminar en el acto de hoy.*

*No puede ser, ni debe ser este acto un motivo de discusión política porque Ramiro Fonte fué un eumés que ya es de todos. Por eso no vamos a hacer valoración de como se hicieron las*



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (NIF: 34897339Z) (FECHA: 22/09/2017), Bernardo Fernández Piñeiro (NIF: 32705210S) (FECHA: 22/09/2017)
Versión imprimible
CVD: /psP6UBE2OBi6MQQUvw+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*cosas o de como las hubiesemos hecho nosotros. Hoy, como en el Pleno en el que se aprobó el inicio del expediente, la única palabra que debe imperar es: unanimidad. Ramiro es Pontedeume y Pontedeume es Ramiro.*

*No seríamos justos si entre estas líneas no nombrasemos la palabra agradecimiento. Fueron muchos los que hicieron posible que hoy estemos aquí.*

*Gracias, por supuesto, al instructor, al secretario y a los firmantes de las cartas de apoyo a este expediente.*

*Gracias a los amigos y seguidores de Ramiro que con sus actos nos hicieron seguir adelante y mantivieron y mantienen viva la llama de Ramiro Fonte.*

*Pero sobre todo, gracias a José Mª Paz Gago por se el pegamento que aglutinó todos los pareceres.*

*Gracias a la familia de Ramiro, a sus hernanas, a su madre ya fallecida y a su mujer por facilitarnos el camino y apoyarnos durante todo este largo viaje.*

*Gracias al Alcalde, Gabriel Torrente, por perseverar cuando las cosas se pusieron difíciles.*

*Y, gracias también a José Mª Fonte Sardiña que nunca dejó ni deja que Ramiro Fonte caiga en el olvido.*

*Y ya para terminar, nada mejor que las propias palabras de Ramiro:*

*Antes que o transportista feche o toldo para negarme a visión, boto a cabeza fora. Un silencio falador anda nos meus ouvidos. Podería escoitar a herba que medra nas regañas, entre as laxes do pavimento. Lograría contar as pingas de auga que, en segredo, deita o cano da fonte máis querida por min. Dedícolle á praciña das Angustias, neste intre esgazado por unha luz outoniza, atarvesada por unha alrexiña de saudades coma follas mortas, case trémula debido a un deses inoportunos remuíños de adeuses, unha ollada intensamente lenta. Tratase, sen dúbida, dunha lembranza inmortal. Podo xuralo. Nunca se borrará dos meus ollos. (As Pontes no Ceo).”*

Concluída a intervención da Sra. de Vicente Olarte, toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal do BNG-Asembleas Abertas, Dna. Ana Veira García que sinala a Ramiro Fonte coma un poeta que defendeu a vila de Pontedeume, cualificando á persoa de Ramiro Fonte como entrañable, defensora da cultura galega. Manifesta o orgullo por formar parte deste Pleno xa que se trata dun asunto de importancia para toda a cidadanía. Da os parabéns e desexa que este tipo de cousas se podan seguir facendo.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**ÚNICO**: Conceder, atendendo á importancia dos méritos plénamente xustificados, a honra a título póstumo de denominar a Biblioteca pública municipal de Pontedeume, “Biblioteca pública municipal poeta Ramiro Fonte”.

**REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dezaoito horas e vinte minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.



FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (NIF: 34897339Z) (FECHA: 22/09/2017), Bernardo Fernández Piñeiro (NIF: 32705210S) (FECHA: 22/09/2017)
Versión imprimible
CVD: /psP6UBE2OBi6MQQUvw+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.